



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al proyecto de construcción de glorietas y tratamiento de márgenes de la N-120 entre los puntos kilométricos 644,900 y 649,950 en el municipio de Pontearreas.**

En octubre pasado nos dirigimos al Gobierno con motivo del anuncio de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, en el BOE del 17 de octubre, por el que se publica la Resolución que aprobaba el expediente de Información Pública y el Proyecto definitivo complementario del trazado de la «Construcción de glorietas y tratamiento de márgenes de la carretera N-120 entre el punto kilométrico 644,900 y 649,950 en el municipio de Pontearreas».

Una actuación necesaria para mejorar la seguridad vial en una zona donde no existen elementos de protección para que los viandantes puedan atravesar de un margen a otro con garantías y evitar atropellos. Los vecinos y vecinas llevan años protagonizando numerosos actos de protesta para que se atiendan sus necesidades en materia de seguridad vial. Una cuestión que también ha sido objeto de numerosas iniciativas del BNG tanto en el parlamento gallego como en las Cortes del Estado.

Una vez aprobado el proyecto final, los vecinos y vecinas esperaban que se agilizara la tramitación para poner fin a los problemas generados por la falta de adecuación de la N-120 a su paso por el municipio, especialmente a la altura de las parroquias de Xinzo, Arnoso y Areas. Así, el BNG trasladó al Ministerio la necesidad de priorizar estas obras, ejecutándolas cuanto antes y sin demoras.

Sin embargo, en la respuesta remitida al BNG, el Ministerio se limitó a indicar a finales de noviembre de 2025 que estaba redactando el proyecto de construcción, tras haber introducido modificaciones en el mismo, contemplando la construcción de seis rotondas entre los puntos kilométricos 644,900 y 649,950 con un presupuesto de 3,3 millones de euros.

En el nuevo proyecto, se modifica el diseño de las glorietas con el objetivo de garantizar que



tengan una anchura adecuada para el paso de vehículos de mayores dimensiones y vehículos pesados, entre otras cuestiones. Además, se contemplan las redes de abastecimiento, se prevé un control y seguimiento arqueológico del movimiento de tierras y específico de la zona de protección de un elemento catalogado.

La cuestión es que, hoy en día, se desconoce el calendario de ejecución de las obras que deberían acelerarse y no sufrir más demoras, ya que la mejora de la seguridad vial en la N-120 en Pontearreas debería ser considerada un proyecto urgente, pero lleva años de atrasos y requiere su realización inmediata.

Otra actuación necesaria en el municipio es el proyecto de variante de la autovía A-52 y N-120 para reducir el volumen de tráfico que circula por el centro de la ciudad, otra demanda histórica que, a pesar del compromiso expresado por el Ministerio de llevarla a cabo, sigue sin materializarse. Así, en junio de 2021, el Ministerio presentó tres trazados en el trámite del anteproyecto cuando siempre existió un consenso social y político en torno al trazado con salida en la N-120 en el Instituto do Barral, ya que era óptimo para reducir el tráfico en la parroquia de Angoares y en la N-120 entre las parroquias de Xinzo, Areas, Arnosó y hasta el cruce de Mondariz, lugar de atascos diarios y accidentes.

Tanto la reforma de la N-120 como la de la Variante son proyectos necesarios y prioritarios para mejorar la movilidad y la seguridad vial en Pontearreas. Un municipio que cuenta con una población de más de 23.200 habitantes que necesita soluciones a los problemas generados por el elevado volumen de tráfico, la inseguridad vial y las complicaciones que dificultan una movilidad fluida.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿A qué se debe el atraso en la tramitación del proyecto de trazado definitivo de la «Construcción de glorietas y tratamiento de los márgenes de la carretera N-120 entre los puntos kilométricos 644,900 y 649,950 en el municipio de Pontearreas»? ¿Cuándo considera el Ministerio de Transportes que será aprobado definitivamente?
2. ¿En qué estado de tramitación se encuentra actualmente?
3. ¿Cuándo se considera que serán licitadas las obras y cuáles son las previsiones de inicio de la ejecución?
4. ¿Se compromete el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a agilizar esta actuación largamente demandada por los vecinos y vecinas para acabar con los



- problemas de seguridad vial en la N-120 a su paso por el municipio de Ponteareas?
5. ¿En qué situación está el proyecto de variante de la autovía A-52 y la N-120 para reducir el volumen de tráfico que circula por el centro de Ponteareas? ¿Se ha paralizado este proyecto? ¿De ser así, cuáles son las razones?
  6. ¿Qué disposición tiene el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para retomar las actuaciones para acometer la construcción de la variante necesaria de Ponteareas, en base al trazado que cuenta con más consenso social y político, con salida en la N-120 a la altura del Instituto do Barral, por ser óptimo para disminuir el tráfico en la parroquia de Angoares y en la N-120 entre las parroquias de Xinzo, Areas, Arnoso y hasta el cruce de Mondariz?
  7. ¿Agilizará el Ministerio ambas actuaciones con el objetivo de mejorar la seguridad vial y la movilidad en Ponteareas, un municipio con más de 23.200 habitantes, con un elevado volumen de tráfico e importantes problemas de tráfico?

En Madrid, a 8 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

08 ABR. 2026 11:41:57

Entrada **109075**

## Sobre a execución das obras para a mellora da seguranza viaria en Pontearreas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao proxecto de construción de glorietas e tratamento das marxes da N-120 entre os puntos quilométricos 644,900 e 649,950 no concello de Pontearreas.**

En outubro pasado dirixiámonos ao Goberno con motivo do anuncio da Demarcación de Estradas do Estado na Galiza no BOE o 17 de outubro, polo que se publicaba a Resolución que aproba o expediente de Información pública e o Proxecto definitivo complementario do trazado da “Construción de glorietas e tratamento das marxes da estrada N-120 entre o punto quilométrico 644,900 e 649,950 no Concello de Pontearreas”.

Unha actuación necesaria para mellorar a seguranza viaria nunha zona onde non existen elementos de protección para que os viandantes poidan atravesar dunha marxe a outra con garantías e evitar atropelos. Os veciños e veciñas levan anos protagonizando numerosos actos de protesta para que se atendan as súas necesidades en materia de seguranza viaria. Cuestión que tamén foi obxecto de numerosas iniciativas do BNG tanto no parlamento galego como nas Cortes do Estado.

Unha vez aprobado o proxecto definitivo a veciñanza agardaba que se axilizase a tramitación a fin de terminar cos problemas que xera a falta de adecuación da



N-120 ao seu paso polo municipio, especialmente á altura das parroquias de Xinzo, Arnoso e Areas. Así, o BNG trasladou ao Ministerio a necesidade de priorizar estas obras, executándoas canto antes e sen atrasos.

Porén, na resposta remitida ao BNG, o Ministerio limitábase a indicar a finais de novembro de 2025 que estaba a redactar o proxecto de construción, despois de ter introducido modificacións ao proxecto, contemplando a construción de seis glorietas entre os puntos quilométricos 644,900 e 649,950 cun orzamento de 3,3 millóns de euros.

No novo proxecto modifícase o deseño das glorietas co obxectivo de que teñan unha anchura adecuada para o paso de vehículos de maiores dimensións e vehículos pesados, entre outras cuestións. Ademais, contémpanse as redes de abastecemento, prevese un control e seguimento arqueolóxico do movemento de terras e específico da zona de protección dun elemento catalogado.

A cuestión é que, a día de hoxe, aínda non se coñece o calendario de execución dunhas obras que deberan acelerarse e non sufrir máis demoras, pois a mellora da seguranza viaria da N-120 en Ponteareas debe ser considerado un proxecto urxente, mais leva anos de atrasos e require da súa inmediata realización.

Outra actuación necesaria no municipio é o proxecto de variante da autovía A-52 e N-120 para reducir o volume de tráfico que circula polo centro da vila, outra demanda histórica que, a pesar do compromiso manifestado polo Ministerio en levala adiante, continua sen materializarse. Así, en xuño de 2021 o Ministerio presentaba tres trazados no trámite de anteprojecto cando sempre existiu un consenso social e político ao redor do trazado con saída na N-120 á altura do Instituto do Barral por ser o óptimo para diminuír o tráfico na parroquia de Angoares e na N-120 entre as parroquias de Xinzo, Areas, Arnoso e até o cruzamento de Mondariz, lugar de atascos diarios e accidentes.

Tanto a reforma da N-120 como a Variante son proxectos necesarios e prioritarios para a mellora da mobilidade e da seguranza viaria en Ponteareas. Un concello que conta cunha poboación superior a 23.200 habitantes que



necesita solucións para os problemas que xera o elevado volume de tráfico, a inseguranza viaria e as complicacións que dificultan unha mobilidade fluída.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. A que se debe o atraso na tramitación do proxecto definitivo de trazado da “Construción de glorietas e tratamento das marxes da estrada N-120 entre o punto quilométrico 644,900 e 649,950 no Concello de Pontearreas”? Cando considera o Ministerio de Transportes que será aprobado definitivamente?
2. En que estado de tramitación se encontra actualmente?
3. Cando se considera que serán licitadas as obras e cales son as previsións de inicio da execución?
4. Comprométese o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel a axilizar esta actuación longamente demandada polos veciños e veciñas para acabar cos problemas de inseguranza viaria da N-120 ao seu paso polo municipio de Pontearreas?
5. En que situación está o proxecto de variante da autovía A-52 e a N-120 para reducir o volume de tráfico que circula polo centro de Pontearreas? Paralizouse este proxecto? De ser así, cales son as razóns?
6. Que disposición ten o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel para retomar as actuacións para acometer a construción da necesaria Variante de Pontearreas, en base ao trazado que conta con máis consenso social e político, con saída na N-120 á altura do Instituto do Barral por ser o óptimo para diminuír o tráfico na parroquia de Angoares e na N-120 entre as parroquias de Xinzo, Areas, Arnoso e ata o cruzamento de Mondariz?



7. Axilizará o Ministerio ambas actuacións co obxectivo de mellorar a seguranza viaria e a mobilidade en Ponteareas, un concello con máis de 23.200 habitantes, cun elevado volume de tráfico e importantes problemas de tráfico?

Madrid, a 8 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**